

# Nova Escola Galega propón un gran pacto sobre a presenza do galego no ensino

LA VOZ | SANTIAGO

■ Nova Escola Galega propón que se favoreza un gran pacto sobre o galego a semellanza do atinxido en 1989 na elaboración do *Modelo de Normalización Lingüística para o ensino*, asinado por este movemento de renovación pedagóxica e outras 19 entidades.

Xosé Lastra, presidente de Nova Escola, presentou onte en Compostela documentos que recollen a posición deste grupo sobre o asunto. Valoran que o novo decreto, que se prevé aplicar xa o curso próximo, non é tan diferente do agora vixente, aínda que a principal novidade parece que será a vontade política de que se cumpra e garanta un mínimo do 50% das aulas no idioma do país.

Nova Escola lembra que a Inspección Educativa tiña a responsabilidade de velar pola aplicación da norma que vai ser substituída, e non o fixo, polo que reaxe con escepticismo sobre o futuro; e reclama formación para os docentes.